

Ethan Frome



EDITH WHARTON

Ethan Frome

Traducción de Celia Recarey Rendo



Irmás Cartoné, 2015
Título orixinal: *Ethan Frome*
Tradución: Celia Recarey Rendo
Ilustración de cuberta: Carlos Valdés
Deseño e maquetación: Irmás Cartoné
Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-942570-8-7
Dep. Legal: C134-2016



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa do autor, os tradutores e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

INTRODUCCIÓN

Fun sabendo a historia pouco a pouco, por varias persoas e, como adoita suceder nestes casos, de cada vez era unha historia diferente.

Se un coñece Starkfield, Massachusetts, coñece a oficina de correos. Se un coñece a oficina de correos, ten que ter visto a Ethan Frome conducir até alí, deixar caer as rédeas do seu faco alazán e cruzar cos pés a rastro o pavimento de ladrillo até a columna branca; e tense que ter preguntado quen era.

Foi alí, hai uns anos, onde o vin por primeira vez; e a visión deixoume impresionado. Era, mesmo daquela, a figura máis impactante de Starkfield, aínda que xa non era máis que unha ruína de home. Non era tanto a súa altura a que o facía destacar, pois os «nativos» distinguíanse facilmente pola súa lanzal lonxitude da máis rexa caste foránea, como o seu poderoso e despreocupado aspecto, a pesar dunha coxén que lle coutaba cada paso como o tirón dunha cadea. Había algo sombrío e inabordable no seu rostro, e estaba tan ríxido e tiña o cabelo tan canoso que o tomei por un vello e me sorprendeu saber que non tiña máis que cincuenta e dous anos. Isto sóubeno por Harmon Gow, que conducira a dilixencia de Bettsbridge a Starkfield nos tempos de antes do tranvía e coñecía a crónica de todas as familias da súa liña.

—Quedoulle así des que tivo o accidente; e diso fará vinte e catro anos este mes de febreiro que vén —deixou caer Harmon entre evocadoras pausas.

Fora o «accidente» —segundo souben polo mesmo informador— o que, ademais de debuxar a fenda vermella que atravesaba a testa de Ethan Frome, lle acurtara e deformara o lado dereito até tal punto que lle custaba un visible esforzo dar aqueles poucos pasos desde o seu coche até o portelo da oficina de correos. Adoitaba vir desde a súa granxa a diario, arredor do mediodía, e como esa tamén era a miña hora de ir buscar o correo, a miúdo pasaba por onda el no soportal ou me detiña ao seu lado mentres agardaba polos movementos da man distribuidora trala reixa. Reparei en que, aínda que acudía con tanta puntualidade, raras veces recibía máis que un exemplar do *Bettsbridge Eagle*, que metía sen unha ollada no peto dado de si. De cando en vez, porén, o funcionario de correos entregáballe un sobre dirixido á Sra. Zenobia —ou á Sra. Zeena— Frome no que, polo regular, constaba conspicuamente, na esquina superior esquerda, o enderezo dalgún fabricante de medicamentos patentados e mais o nome do produto concreto. Estes documentos tamén os metía o meu veciño no peto sen miralos, como se estivese demasiado afeito a eles para preguntarse polo seu número e variedade, e logo afastábase dirixíndolle un calado aceno ao funcionario.

En Starkfield coñecíao todo o mundo, e todos lle ofrecían un saúdo en consonancia co seu xesto grave, pero respectaban a súa taciturnidade e só en raras ocasións algún dos máis vellos do lugar o paraba para botar unha parrafada. Cando isto sucedía, el escoitaba en silencio, cos ollos azuis fixos no rostro do orador, e respondía cun ton tan baixo que as súas palabras nunca me chegaban; despois subía todo teso ao seu coche, collía as bridas na man esquerda e arredábase amodo camiño da súa granxa.

—Foi un accidente moi grave? —pregunteille a Harmon mentres contemplaba como a figura de Frome se retiraba e pensaba no gallarda que a súa esvelta cabeza, con aquela cabeleira loira, debera repousar sobre os fortes ombros antes de acabaren deformados.

Ethan Frome

—Do peoriño —afirmou o meu informador—. Máis que suficiente para matar os máis dos homes. Pero os Frome sonlle duros. Ethan seguramente ha chegar aos cen anos.

—Santo Deus! —exclamei. Naquel momento, Ethan Frome, tras gabear até o seu asento, inclinárase para comprobar o asegurada que ía unha caixa de madeira (tamén coa etiqueta dun boticario) que colocara na parte de atrás do coche, e vinlle a cara co aspecto que probablemente tiña cando cría estar só—. Chegar a cen anos ese home? Pero se xa agora parece morto e enterrado!

Harmon sacou un bloque de tabaco do peto, cortou un anaco e meteuno na bolsa de coiro da súa meixela.

—Supoño que leva invernos de máis en Starkfield. Os listos marchan case todos.

—E el por que non marchou?

—Alguén tiña que quedar para coidar da súa xente. Non había máis que Ethan. Primeiro foi o pai, despois a nai, e despois a muller.

—E despois o accidente?

Harmon contivo un riso sardónico.

—Así é. Entón tivo que quedar.

—Xa vexo. E desde entón alguén tivo que coidar del?

Harmon pasou o tabaco para a outra meixela, pensativo.

—Oh, canto a iso, paréceme que segue a ser Ethan o que se ocupa dos coidados.

Aínda que Harmon Gow desenvolveu o conto até onde o seu alcance mental e moral llo permitiu, había baleiros perceptibles nos seus datos, e eu tiña a sensación de que o significado profundo da historia residía neses baleiros. Mais unha frase ficou na

miña memoria e serviu de núcleo arredor do cal fun agrupando as miñas posteriores inferencias: «Supoño que leva invernos de máis en Starkfield».

Antes de que o meu tempo alí acabase, cheguei a saber o que quería dicir aquilo. Con todo, eu chegara na dexenerada época do tranvía, a bicicleta e a entrega a domicilio, cando a comunicación entre as espalladas aldeas da montaña era fácil, e as vilas máis grandes dos vales, como Bettsbridge e Shadd's Falls, tiñan librarías, teatros e clubs sociais aos que a mocidade montañesa podía baixar para recrearse. Pero cando o inverno se botaba enriba de Starkfield e a aldea quedaba cuberta por unha manta de neve perpetuamente renovada desde os pálidos ceos, comecei a ver o que debía ser alí a vida —ou máis ben a falta dela— cando Ethan Frome era novo.

Eu fora enviado pola xente para a que traballaba nunha misión relacionada coa gran central eléctrica de Corbury Junction, e unha prolongada folga de carpinteiros demorara tanto as obras que me vin ancorado en Starkfield —o lugar habitable máis próximo— a meirande parte do inverno. Ao principio anoxeime, pero despois, baixo o hipnótico efecto da rutina, fun gradualmente atopando unha melancólica satisfacción naquela vida. Durante a primeira parte da miña estadía, chamárame a atención o contraste entre a vitalidade do clima e o amortecemento da comunidade. Día a día, cando pasaron as neves de decembro, un resplandecente ceo azul derramaba torrentes de luz e aire sobre a paisaxe branca, que os devolvía cun escintilar máis intenso aínda. Sería de supoñer que semellante atmosfera tiña que acelerar as emocións, ademais do sangue, pero non parecía producir cambio ningún agás o de retardar aínda máis o pregui-zoso pulso de Starkfield. Cando levaba alí un pouco máis e xa vira esta fase de claridade cristalina seguida por longos intervalos de frío sen sol, cando as tormentas de febreiro instalaran as súas brancas tendas sobre a devota aldea e a salvaxe cabalaría dos ven-

tos de marzo acudira a apoialas, comecei a comprender por que Starkfield saía do seu asedio de seis meses como unha guarnición esfameada que capitulaba sen cuartel. Vinte anos atrás os medios de resistencia eran moi inferiores e o inimigo controlaba case todas as liñas de acceso entre as aldeas coaligadas e, considerando todo isto, sentín a sinistra forza da frase de Harmon: «Os listos marchan case todos». Pero se ese era o caso, que combinación de forzas podía ter impedido a fuxida dun home coma Ethan Frome?

Durante a miña estada en Starkfield aloxeime cunha viúva de mediana idade, coloquialmente coñecida como a señora de Ned Hale. O pai da señora Hale fora o avogado da aldea na xeración anterior e a «casa do avogado Varnum», onde a miña anfitriña seguía vivindo con súa nai, era a mansión máis imponente da aldea. Quedaba nun extremo da rúa principal, co seu pórtico clásico e as súas fiestras de paneis pequenos, contemplando desde o alto dun camiño empedrado entre abetos vermellos o esvelto campanario branco da igrexa congregacionista. Era evidente que a fortuna das Varnum ía mingando, pero as dúas mulleres facían o que podían para conservar unha dignidade decente, e a señora Hale, en particular, posuía un certo refinamento lánguido nada mal acaído coa súa pálida e anticuada residencia.

No «salón bo», coa súa tapicería de crina e os seus mobles de caoba debilmente iluminados por unha lámpada de Carcel, escoitaba cada serán unha nova versión, de matices máis delicados, da crónica de Starkfield. Non era que a señora de Ned Hale sentise, ou afectase, a menor superioridade social con respecto á xente que a rodeaba, senón que o accidente dunha maior sensibilidade e un chisco máis de educación puxeran entre ela e os seus veciños a distancia suficiente para permitirlle xulgalos con certa perspectiva. Non lle faltaba disposición para exercitar esta facultade, e eu tiña grandes esperanzas en obter dela os datos que me faltaban da historia de Ethan Frome, ou máis ben unha cla-

ve do seu carácter coa que artellar os datos que xa coñecía. A súa cabeza era un auténtico almacén de anécdotas inocuas e a menor pregunta sobre os seus coñecidos facía xurdir un gran volume de detalles, pero no tocante ao tema de Ethan Frome atopeina inesperadamente remisa. Non había na súa reserva indicio ningún de desaprobación, mais sentín nela unha insuperable reticencia a falar del ou dos seus asuntos, sendo un murmurado: «Si, coñecinos aos dous... foi terrible...» a maior concesión que a súa aflición podía facerlle á miña curiosidade.

Tan marcado era o cambio na súa actitude, tales tristes profundidades iniciáticas implicaba, que, con certas dúbidas sobre a miña delicadeza, lle volvíñ sacar o tema ao meu oráculo da aldea, Harmon Gow, mais non recibín, en pago polas miñas molestias, máis que un incomprendivo rosmar.

—Ruth Varnum sempre lle foi nerviosa coma unha rata e, agora que o penso, foi a primeira que os viu despois de que os recolle-ran. Foille xusto ao pasar a casa do avogado Varnum, alá abaixo, na curva da estrada de Corbury, xusto pola época en que Ruth se comprometeu con Ned Hale. Os mozos eran todos amigos, así que supoño que non atura falar do conto. Xa tivo penas abondas de seu.

Todos os habitantes de Starkfield, como os doutras comunidades máis notables, tiveran penas abondas de seu para volverse relativamente indiferentes ás dos veciños e, aínda que todos recoñecían que as de Ethan Frome superaran a medida habitual, ninguén me daba unha explicación daquela mirada súa que, como eu teimaba en pensar, nin a pobreza nin o sufrimento físico puideran debuxar nel. Porén, de non ser pola provocación do silencio da señora Hale e —un pouco máis tarde—, polo fortuíto contacto persoal co home en cuestión, posiblemente me conformaría coa historia que fora artellando a partir destes indicios.

Á miña chegada a Starkfield, chegara a un acordo con Denis Eady, o rico tendeiro irlandés propietario do máis parecido a unha

Ethan Frome

cabalariza que había en Starkfield, para que me levase todos os días até Corbury Flats, onde tiña que coller o tren até Junction. Pero no medio do inverno, os cabalos de Eady contaxiáronse dun andazo local. A enfermidade espallouse polo resto das cortes de Starkfield e eu tiven que botar un día ou dous procurando un medio de transporte. Entón Harmon Gow comentoume que o faco de Ethan Frome aínda se tiña en pé e que talvez ao dono non lle importase levarme.

Ao oír a suxestión, fiteino:

—Ethan Frome? Pero se aínda nunca falei con el. Por que raios se había ofrecer a axudarme?

A resposta de Harmon sorprendeume aínda máis.

—Non sei se o faría, pero sei que non lle molestaría gañar algún dólar.

Contáranme que Frome era pobre, e que o serradoiro e os ermos acres da súa granxa apenas rendían para pasar o inverno, pero non imaxinara que pasaba tanta necesidade como as palabras de Harmon daban a entender, e expresei a miña estrañeza.

—Boh, as cousas non lle foron alá moi ben —dixo Harmon—. Cando un home bota vinte anos ou máis de cacho para testo, vendo as cousas por facer, vaise consumindo por dentro, vai perdendo o xenio. Esas terras dos Frome sempre foron tan secas como unha pota acabada de lamber polo gato e ben sabe *usté* o que valen eses serradoiros hidráulicos nos tempos de hoxe. Cando Ethan podía matarse a traballar da mañá á noite aínda lle daba sacado algo para ir indo, pero xa daquela llo papaban case todo os da casa e agora non lle sei nin como dá feito. Primeiro, o pai levou un couce durante a sega que lle amoleceu os miolos e deulle por regalar o diñeiro como se fosen estampas de santos até que morreu. Despois, a nai toleou e durou unha chea de anos sen valerse, como unha meniña; e a muller, Zeena, sempre foi a mellor cliente dos

médicos de todo o condado. Enfermidade e problemas, diso ten Ethan o prato ben acugulado desde a primeira hora.

Á mañá seguinte, cando me asomei, vin o faco alazán entre os abetos de Varnum e a Ethan Frome apartando a súa gastada pel de oso para facerme sitio onda el no trenó. Desde esa, levoume todas as mañás a Corbury Flats durante unha semana e, cando volvía pola tarde, volvía esperar por min e levábame de volta a Starkfield atravesando a xélida noite. A distancia era de apenas tres millas en cada dirección, pero o paso do vello faco era lento e até con neve firme baixo o trenó botabamos case unha hora no camiño. Ethan Frome conducía en silencio, coas bridas frouxas na man esquerda, e o seu perfil cosido baixo a viseira da pucha, que parecía un casco, recortábase sobre os bancos de neve como a estatua de bronce dun heroe. Nunca dirixía o seu rostro cara ao meu, nin respondía máis que con monosílabos ás preguntas que eu lle facía ou ás tímidas bromas que me aventuraba a facer. Parecía parte da muda e melancólica paisaxe, unha encarnación do seu xeadado pesar, con todo o que de cálido e sensible tiña ben agochado baixo a superficie; pero non había nada hostil no seu silencio. Dábame a impresión de que vivía nun illamento moral demasiado fondo e remoto para un acceso casual e intuín que a súa soidade non era unicamente produto da súa desgraza persoal, por trágica que a imaxinase, senón que había nela, como Harmon Gow insinuara, a profunda friaxe acumulada por moitos invernos en Starkfield.

Só unha ou dúas veces se tendeu unha ponte entre nós por un momento, e o que así albisquei reafirmoume no meu desexo de saber máis. Nunha ocasión mencionei casualmente unha obra de enxeñería na que participara o ano anterior en Florida e o contraste entre a paisaxe invernal que nos rodeaba e aquela na que me atopara un ano atrás e, para a miña sorpresa, Frome dixo de súpeto:

Ethan Frome

—Si, estiven alí dunha volta e, por unha boa temporada, éralle quen de recordar esa imaxe no inverno. Pero agora todo quedou cuberto pola neve.

Non dixo máis e tiveron que imaxinar o resto pola inflexión da súa voz e pola súa brusca recaída no silencio.

Outro día, ao subir ao tren en Flats, esquecín no seu trenó un volume de divulgación científica —creo que sobre unhas recentes descubertas en materia bioquímica— que levara comigo para ler polo camiño. Non me volví acordar del até que volví subir ao trenó ese serán e vin o libro nas mans de Frome.

—Atopeino despois de que marchara vostede —dixo.

Metín o libro no peto e volvemos caer no noso silencio habitual, mais, conforme comezamos a percorrer o longo outeiro que vai de Corbury Flats até o cume de Starkfield, decateime, na escuridade, de que volveira o rostro cara á min.

—Hai cousas nese libro das que non lle sabía nada —dixo.

Estrañáronme menos as súas palabras que o peculiar resentimento da súa voz. Estaba evidentemente sorprendido e levemente ofendido pola súa propia ignorancia.

—Interésanlle esas cousas? —preguntei.

—Interesaban.

—Hai un par de cousas bastante novidosas no libro; déronse algúns pasos importantes ultimamente nesa liña de investigación. —Agardei un momento por unha resposta que non chegou, entón engadí—: Se lle apetece botarlle unha ollada ao libro, sería un pracer para min deixarllo.

Dubidou e tiveron a impresión de que se sentía a piques de deixarse levar por unha arrebatadora onda de inercia, e entón:

—Grazas, acéptollo —respondeu brevemente.

Edith Wharton

Esperaba que este incidente establecese unha comunicación máis directa entre nós. Frome era tan simple e directo que estaba certo de que a súa curiosidade polo libro se baseaba nun xenuíno interese pola materia que trataba. Tales gustos e coñecementos nun home da súa condición facían máis dramático o contraste entre a súa situación exterior e as súas necesidades interiores, e tiña a esperanza de que a oportunidade de darlle expresión a estas últimas lle soltase a lingua. Pero algo na súa historia pasada, ou no seu modo de vida presente, parecía telo sumido de máis en si mesmo para que calquera impulso casual o atraese novamente cara aos seus semellantes. No noso seguinte encontro non aludiu ao libro e a nosa interacción parecía destinada a seguir sendo tan negativa e unilateral como se non houberse fisura ningunha na súa reserva.

Frome levaba cousa dunha semana levándome a Flats cando unha mañá me asomei á fiestra para descubrir unha mesta nevada. A altura das brancas ondas que se acumulaban contra o valado do xardín e ao longo do muro da igrexa demostraba que a tormenta debera durar toda a noite e que fóra as moreas de neve habían ser grandes. Pareceume probable que o meu tren se demorase, pero tiña que pasar unha hora ou dúas na central eléctrica aquela tarde e decidín, se Frome aparecía, facer por ir a Flats e agardar alí polo tren. Non sei por que o expresei como condicional, porén, pois en ningún momento dubidei de que Frome aparecese. Non era o tipo de home a quen unha alteración dos elementos lle fose impedir ocuparse dos seus asuntos e, á hora acordada, presentouse o seu trenó, deslizándose pola neve como unha aparición teatral por detrás dun espeso veo de gasa.

Comezaba a coñecelo demasiado ben para expresar estrañeza ou gratitude por asistir á súa cita, mais proferín unha exclamación de sorpresa ao velo virar o cabalo nunha dirección contraria á da estrada de Corbury.

Ethan Frome

—As vías están bloqueadas por un tren de mercancías que quedou atrancado na neve por debaixo de Flats —explicou mentres nos adentrabamos ao trote na punxente brancura.

—Pero mire, entón a onde me leva?

—A Junction directamente, polo camiño máis curto —respondeu indicando o outeiro da escola coa xostra.

—A Junction, con esta tormenta? Pero se hai ben dez millas!

—O faco é capaz, se se lle dá tempo. Dixo que tiña cousas que facer alí pola tarde. Eu mirarei por que chegue.

Díxoo con tal tranquilidade que non puideron máis que responder:

—Faime vostede o maior dos favores.

—Non é nada —respondeu.

Pasada a escola, o camiño bifurcábase, e metémonos por unha corredeira abaixo, á esquerda, entre as pólas dos falsos abetos dobradas sobre si mesmas, cara aos seus troncos, polo peso da neve. Eu tiña paseado por alí a miúdo, aos domingos, e sabía que o tellado solitario que asomaba por entre as pólas espidas perto do fondo do outeiro era o do serradoiro de Frome. Víase exánime abondo, coa súa roda folgada sobre o regato negro manchado dunha escuma dun branco amarelado e o seu conxunto de alpendres derreados baixo a súa carga branca. Frome non virou sequera a cabeza ao pasar por onda el e, aínda en silencio, comezamos a ascender a seguinte costa. Perto dunha milla despois, nunha estrada pola que nunca pasara, chegamos a un pomar de maceiras esfameadas que se retorcían sobre a aba dun outeiro entre afloramentos de pizarra que asoman entre a neve como animais estarricando os fociños para respirar. Alén do pomar había unha leira ou dúas cuxas extremas se perdían baixo as moreas de neve e, por riba das leiras, aconchegada contra as brancas in-

mensidades de terra e ceo, unha desas solitarias granxas de Nova Inglaterra que fan a paisaxe máis solitaria aínda.

—Esa é a miña casa —dixo Frome, cun movemento lateral do seu cóbado eivado e, ante a anguria e opresión daquela escena, non souben que responder. Deixara de nevar e unha raiola de sol augacente expoñía a casa da aba en toda a súa queixosa fealdade. O negro espectro dunha enredadeira caducifolia ondeaba no soportal e, baixo a súa gastada capa de pintura, as finas paredes de madeira parecían estarrecer co vento que se levantara ao deixar de nevar.

—Era máis grande nos tempos de meu pai, tiven que derrubar o 'L' aí atrás —continuou Frome, corrixindo cun toque da rédea esquerda a evidente intención do faco de entrar pola cancela rota.

Decateime entón de que o aspecto inusualmente abandonado e raquítico da casa se debía en parte á perda do que en Nova Inglaterra se coñece como o 'L', ese anexo longo, de tellado baixo, que se adoita construír en ángulo recto con respecto á casa principal e a conecta, por medio de almacéns e alpendres, co cuberto da leña e coa corte das vacas. Xa sexa polo seu sentido simbólico, pola imaxe que ofrece dunha vida vencellada á terra que encerra en si mesma as principais fontes de calor e alimento, xa simplemente pola consoladora idea de permitirlles aos habitantes de tan duro clima encetar as tarefas da mañá sen afrontar a climatoloxía, non cabe dúbida de que é o 'L', máis que a propia casa, o que parece ser o centro, o verdadeiro lar da granxa de Nova Inglaterra. Talvez fose esta relación de ideas, que a miúdo se me ocorreran nas miñas cavilacións sobre Starkfield, o que me fixo oír un matiz melancólico nas palabras de Frome, e ver na reducida residencia o reflexo do seu corpo mirrado.

—Agora estamos algo a desmán —engadiu—, pero había un tráfico considerable antes de que levasen o ferrocarril até Flats.

—Esporeou o faco tardeiro con outro tirón da rédea; despois, como se a mera visión da casa me introducise de máis na súa intimidade para seguir mantendo reserva algunha, proseguíu de vagar—: Sempre lle atribuí a meirande parte dos problemas de miña nai a iso. Cando se lle agravou tanto a reuma que non podía moverse, adoitaba sentar alí e pasar as horas mirando para o camiño e, un ano que botaron seis meses arranxando a estrada de peaxe de Bettsbridge despois das enchentes e Harmon Gow tiña que pasar por aquí coa dilixencia, recuperouse tanto que os máis dos días viña até a cancela para velo. Pero des que comezaron a andar os trens xa non vén practicamente ninguén por aquí e a miña nai nunca lle deu entrada na cabeza o que pasara, e iso roeulle os miolos até que morreu.

Cando collemos a estrada de Corbury, a neve volveu caer novamente, facendo que deixásemos de albiscar a casa, e o silencio de Frome caeu con ela, correndo entre nós o vello veo da reticencia. Esta vez o vento non amainou coa volta da neve. Pola contra, converteuse nun vendaval que, de cando en vez, lanzaba desde un ceo esfarrapado pálidas raiolas sobre unha paisaxe caoticamente ciscada. Pero o faco era tan de fiar como a palabra de Frome e avanzamos cara a Junction por aquel salvaxe escenario branco.

Pola tarde, a tormenta amainou e a claridade de poñente pareceulles aos meus ollos inexpertos a promesa dun serán calmo. Rematei a miña tarefa o máis rápido que puíden e saímos para Starkfield con bastantes posibilidades de chegar para a cea. Pero cando se puxo o sol as nubes volveron, adiantando a noite, e a neve comezou a caer recta e constante dun ceo sen vento, nunha branda dispersión universal que xeraba máis confusión que os refachos e remuíños da mañá. Parecía ser parte da crecente escuridade, ser a noite invernal que descendía sobre nós capa por capa.

O pequeno raio de luz da lanterna de Frome pronto se perdeu naquel ambiente abafante no que até o sentido da orientación e

o instinto de retorno ao fogar do faco deixaron finalmente de valernos. Dúas ou tres veces aparecéusenos algunha fantasmagórica referencia para advertirnos que andabamos perdidos e logo foi novamente engulida pola brétema; cando por fin volvemos ao camiño, o vello cabalo comezou a amosar signos de fatiga. Eu sentíame culpable por aceptar o ofrecemento de Frome e, tras unha breve discusión, convencino para que me deixase baixar do trenó e camiñar á beira do faco pola neve. Deste xeito avanzamos traballosamente outra milla ou dúas e finalmente chegamos a un punto onde Frome, esculcando o que a min me parecía noite informe, dixo:

—Alá abaixo está a miña cancela.

O último tramo fora o máis duro do camiño. A terrible friaxe e o duro avance deixáranme case sen folgo e podía sentir o flanco do cabalo latexando como un reloxo baixo a miña man.

—Mire, Frome —comecei a dicir—, non ten sentido ningún que siga avanzando... —pero el interrompeume:

—Nin vostede. Xa tivemos abondo todos.

Entendín que me estaba ofrecendo pasar a noite na granxa e, sen responder, entrei pola cancela canda el e seguino até a corte, onde lle axudei a quitarlle os arreos ao fatigado cabalo. Feito isto, desenganchou a lanterna do trenó, adentrouse novamente na noite e chamou por min por riba do ombro:

—Por aquí.

Alá lonxe, por encima de nós, un cadrado de luz tremía a través da pantalla de neve. Con paso cambaleante seguín a Frome cara a el e, na escuridade, estiven a piques de caer contra unha das grandes moreas de neve que había diante da casa. Frome subiu con dificultade os esvaradíos banzos do soportal, cavando un carreiro pola neve cos seus pés enfundados nunhas pesadas

Ethan Frome

botas. Entón levantou a lanterna, buscou o tarabelo e entrou na casa diante de min. Seguino cara ao interior dun corredor de teito baixo sen iluminar, en cuxo extremo unha escaleira que máis ben parecía unha escada subía cara á escuridade. Á nosa dereita, unha liña de luz indicaba a porta da estancia que nos enviara a súa luz a través da noite e trala porta oín unha voz de muller rosmando queixosamente.

Frome pisou con forza o linóleo para sacudir a neve das botas e pousou a lanterna nunha cadeira da cociña, que era o único mobiliario do recibidor. Despois abriu a porta.

—Pase —dixo e ao falar el a voz rosmona cesou...

Foi aquela noite cando descubrín a clave de Ethan Frome e comecei a compoñer esta versión da súa historia.

